



PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A COMISIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS DE GALICIA

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos, consonte o establecido na Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, que mantén a reserva para o Estado das competencias relativas á seguridade pública e a facultade de ditar normas que regulen os espectáculos taurinos.

Para o pleno exercicio desta competencia, o Real decreto 1640/1996, do 5 de xullo, regula o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia na dita materia, e mediante o Decreto 336/1996, do 13 de setembro, asumíronse as funcións e os servizos transferidos.


Con base na devandita atribución competencial, promulgouse a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. O artigo 10 desta norma legal crea a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determina as súas funcións, dispón a súa adscrición á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e remite ao posterior desenvolvemento regulamentario a súa composición, estrutura e funcionamento.

Esta comisión configúrase como órgano consultivo, de estudo, coordinación, seguimento e asesoramento das administracións autonómica e local nas materias reguladas na lei citada e atribúeselle, como a primeira das súas funcións, a audiencia no procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral específicas que se teñan que ditar en desenvolvemento dela e na súa modificación.

Cómpre, xa que logo, darlle cumprimento ao anteriormente exposto no que atinxe ao desenvolvemento normativo da lei e, en consecuencia, debe ditarse para tal fin a norma regulamentaria que determine a composición, estrutura e funcionamento



Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela



Finalmente, e de conformidade con todo o exposto anteriormente, cómpre destacar que, coa aprobación deste decreto, se dá pleno cumprimento aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que constitúen os principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co Consello Consultivo de Galicia/oído o Consello Consultivo de Galicia/oído o Consello Consultivo de Galicia e de acordo co voto particular formulado pola conselleira ou conselleiro (ou conselleiras/conselleiros) e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día _____ de _____ de dous mil dezaoto,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Este decreto ten por obxecto determinar a composición, estrutura e funcionamento da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia.

Artigo 2. *Natureza xurídica*

A Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia configúrase como órgano consultivo, de estudo, coordinación, seguimento e



asesoramento das administracións autonómica e local nas materias reguladas na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Artigo 3. Adscrición

Esta comisión estará adscrita á consellería competente en materia de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos públicos.

Artigo 4. Funcións

A Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia terá as funcións seguintes:

a) A audiencia no procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral específicas que se teñan que ditar en desenvolvemento da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e na súa modificación.

b) A formulación de propostas sobre a interpretación, a aplicación e a modificación das disposicións que regulan os espectáculos públicos, as actividades recreativas e mais os establecementos ou espazos abertos ao público.

c) A emisión dos informes que se lle soliciten con carácter facultativo sobre a interpretación, aplicación e modificación das disposicións que regulan os espectáculos públicos e as actividades recreativas e mais os establecementos ou espazos abertos ao público.

d) A elaboración de recomendacións para mellorar a actuación e promover a coordinación das administracións autonómica e local nas materias reguladas pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.



e) Calquera outra que se lle atribúa regulamentariamente.

Artigo 5. Composición

1. A Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia estará composta por unha presidencia, unha vicepresidencia e trece vogalías.

2. A presidencia: correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

3. A vicepresidencia: será exercida pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

4. As vogalías estarán formadas por:

a) Seis en representación da Administración autonómica, con rango de director/a xeral ou equivalente, dos centros directivos competentes nas materias seguintes:

- Industria.
- Administración local.
- Cultura.
- Turismo.
- Comercio e Consumo.
- Sanidade.
- Deportes.

As persoas titulares das vogalías poderán delegar a súa representación nun/ha funcionario/a con nivel orgánico mínimo de xefe/a de servizo adscrito á súa dirección xeral ou órgano equivalente, logo da acreditación por escrito ante a secretaría da comisión. Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade da



persoa titular da vogalía, será substituída por aquela designada pola correspondente dirección xeral ou órgano equivalente da consellería competente na materia de que se trate.

b) Unha en representación dos concellos a proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias.

c) Cinco en representación dos sectores seguintes:

- Unha das asociacións máis representativas do sector dos espectáculos públicos.

- Unha das asociacións máis representativas do sector das festas e verbenas populares.

- Unha das asociacións máis representativas do sector das actividades recreativas de ocio e entretemento, hostalaría e restauración.

- Unha das asociacións da veciñanza máis representativas na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Unha das asociacións de persoas consumidoras e usuarias máis representativas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular das vogalías, será substituída por aquela designada como suplente pola entidade á que representa.

5. A secretaría: será exercida por unha persoa funcionaria con nivel orgánico mínimo de xefe/a de servizo, que será nomeada pola persoa titular da consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e actuará con voz pero sen voto.

Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, para o desempeño deste cargo, será substituída por outra persoa funcionaria con nivel orgánico mínimo de xefe/a de servizo.



6. Na composición deste órgano deberá procurarse unha presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Artigo 6. Nomeamento das persoas membros da comisión

1. As persoas titulares das vogalías serán nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas a proposta das diferentes consellerías, da Federación Galega de Municipios e Provincias e das entidades representativas do sector dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. En caso de non térense formulado propostas ou de non acadarse un acordo para tal fin, a persoa titular da presidencia nomeará ás persoas titulares das vogalías correspondentes ao sector dos espectáculos públicos e das actividades recreativas tendo en conta as circunstancias concorrentes e a representatividade que ostenten no devandito sector.

2. A persoa que exerza a presidencia da comisión poderá convocar, para cuestións concretas, a persoas expertas ou asesores/as técnicos/as e a representantes empresariais, sociais ou sindicais que poidan ter un interese naquelas.

Artigo 7. Duración do mandato das persoas membros da comisión

1. Os/as membros da comisión que ocupen o seu posto por razón do seu cargo perderán a súa condición cando cesen nel.
2. O resto dos/as membros cesarán polas seguintes causas:
 - a) Pola finalización do seu mandato, que terá unha duración de cinco anos, podendo ser renovado por idénticos períodos de tempo. Una vez finalizado o seu mandato, permanecerán no cargo en tanto se proceda á súa substitución ou renovación.



O nomeamento do/a novo/a membro o será polo tempo que lle restaba ao substituído para a finalización do seu mandato.

- b) Incapacidade permanente ou falecemento.
- c) Perda das condicións que determinaron o seu nomeamento.
- d) Renuncia.
- e) Revogación do nomeamento.

De se produciren algunha das causas relacionadas anteriormente, o/a novo/a membro designado/a desempeñará o seu posto durante o tempo que reste ata o remate da duración do mandato.

Artigo 8. *A presidencia*

1. Correspóndelle á presidencia da comisión:

- a) Desempeñar a representación da comisión.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates para os efectos de adoptar acordos.
- e) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- f) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente/a da comisión.



2. A persoa que exerza a presidencia sempre terá a condición de membro da comisión.

3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o/a presidente/a será substituído polo/a vicepresidente/a.

Artigo 9. *A vicepresidencia*

Correspóndelle á vicepresidencia da comisión:

- a) Exercer as funcións da presidencia nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal que concorra naquela.
- b) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de membro da comisión.

Artigo 10. *Os/as membros*

1. Correspóndelle aos/ás membros da comisión:

a) Recibir, coa antelación mínima establecida no artigo 12, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos/as membros coa antelación referida.

b) Participar nos debates das sesións.

c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

d) Non absterse nas votacións aqueles que pola súa calidade de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas teñan a condición de membros natos da comisión en virtude do cargo que desempeñan.



e) Formular rogos e preguntas.

f) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

2. Os/as membros da comisión non poderán atribuírse as funcións de representación recoñecidas a esta, agás que expresamente lles fosen outorgadas por unha norma ou por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

3. En caso de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os/as membros titulares do órgano colexiado serán substituídos/as polos seus/súas suplentes, se os/as houber.

4. As organizacións representativas de intereses sociais poderán substituír aos/ás seus/úas membros titulares por outros/as, acreditándoo ante á secretaría da comisión, respectando as reservas e limitacións que establezan as súas normas de organización.

Artigo 11. A secretaría

Correspóndelle á secretaría da comisión:

a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto.

b) Efectuar a convocatoria das sesións da comisión por orde da súa presidencia, así como as citacións aos/ás seus/úas membros.



c) Recibir os actos de comunicación dos/as membros co órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.

e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretaria ou secretario.

Artigo 12. *Funcionamento da comisión*

1. A Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e sempre que sexa necesario.

2. A convocatoria expresará a orde do día, achegando a documentación necesaria, e fixará o lugar, día e hora da reunión, en primeira e segunda convocatoria, separadas, polo menos, por trinta minutos de diferenza, en previsión de que na primeira convocatoria non se acade o quorum de constitución. A devandita convocatoria realizarase cunha antelación mínima de sete días.

3. Para a válida constitución da comisión, en primeira convocatoria requirirase a asistencia da presidencia e da secretaría ou, se for o caso, de quen legalmente os/as substitúan, e da metade, polo menos, dos/as seus membros.

4. En segunda convocatoria considerárase validamente constituída cando, ademais da presidencia e da secretaría, ou das persoas que os/as substitúan, asista, polo menos, unha cuarta parte dos/as seus/úas membros.

5. A Comisión adoptará os acordos por maioría simple dos/as asistentes e, en caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.



Artigo 13. Actas

1. De cada sesión que realice a comisión o/a secretario/a levantará a acta, que especificará necesariamente os/as asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo nas que se realizou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, por solicitude dos/as respectivos/as membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que se refira a algún dos puntos da orde do día e achegue no acto, ou no prazo que sinala o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, e farase constar así na acta ou uniráselle copia a esta.

3. Os/as membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas contado desde o momento no que o/a presidente/a dea por finalizada a sesión, que se lle incorporará ao texto aprobado.

4. Cando os/as membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos/as da responsabilidade que, de ser o caso, poida derivar dos acordos.

5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión; no entanto, o/a secretario/a poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.



6. O/a secretario/a elaborará a acta co visto e praxe do/a presidente/a e remitirá a través de medios electrónicos aos/ás membros da comisión, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, para os efectos da súa aprobación e, en caso afirmativo, considerárase aprobada na mesma reunión.

Artigo 14. Uso de medios electrónicos

1. A comisión poderá constituírse e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, respectando os trámites esenciais establecidos na lexislación aplicable.

2. A convocatoria poderá efectuarse por medios electrónicos sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) O sistema de notificación electrónica permitirá acreditar a data e a hora na que se produza a posta á disposición do/a interesado/a da convocatoria notificada, así como a de acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais; en todo caso, presumirase que a notificación se produciu polo transcurso de vinte e catro horas, excluindo sábados, domingos e festivos, desde a posta á disposición do/a interesado/a da convocatoria notificada, agás que, de oficio ou por instancia do/a destinatario/a, se comprobe a imposibilidade técnica ou material do acceso.

b) Todos os/as membros da comisión que teñan a condición de cargo público ou empregado/a público/a da Administración serán notificados/as no seu enderezo electrónico institucional correspondente. O resto dos/as membros da comisión serán notificados/as electronicamente no enderezo de correo electrónico que sinalen para ese efecto.

3. As actas das sesións da comisión poderán ser aprobadas por vía telemática, logo de sérenlles remitidas aos seus membros ao seu enderezo electrónico.

Artigo 15. Grupos de traballo



1. Constituiranse, no seo da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, cando menos, os grupos de traballo seguintes:

-Grupo de traballo do sector dos espectáculos públicos e das festas e verbenas populares.

-Grupo de traballo do sector das actividades recreativas de ocio e entretemento, hostalaría e restauración.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, a comisión poderá acordar a creación no seu seo doutros grupos de traballo.

3. En todo caso, a composición e funcionamento dos grupos de traballo determinarase pola propia comisión e formarán parte deles as diferentes entidades e asociacións representativas dos dereitos e intereses dos diversos sectores e colectivos que abranguen os espectáculos públicos e as actividades recreativas.

Disposición derradeira primeira. Réxime supletorio

En todo o non previsto neste decreto ou, se for o caso, nas disposicións que o desenvolvan, será de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento normativo

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas para ditar as normas necesarias en desenvolvemento deste decreto.


Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Rúa Roma, 25-27 (Polígono de Fontiñas)
Teléfono 981 546 497 – Fax 981 546 486
15703 Santiago de Compostela



Este decreto entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.